



SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 13 de xaneiro de 2022, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data de 25 de novembro de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro de 2021.
3. Aprobación, se procede, do cambio de uso de parcela da antiga Comandancia da Mariña, pasando da cualificación actual “outros equipamentos (OE)” a “Equipamentos Sanitarios (ESA)”.
4. Aprobación, se procede, de expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº01/CE/2022, suplemento de crédito 01/SC/2022 e cambio de finalidade de proxectos con financiamento afectado 01/CF/2022 para diversos gastos de capital.
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación de prazas públicas na Educación Infantil de cero a tres anos.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común para aprobación dun Plan Municipal de Vivenda en Vilagarcía.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polos Grupos Políticos Municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos para solución aos problemas de tráfico e mellora de acceso na Rúa Ameixeiras.
9. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
11. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
12. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 10 de xaneiro de 2022.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

A SECRETARIA XERAL ACCTAL,

M^a Rosario González Pacios

Sinatura dixitalizada

